

CIRCULAR 53/2016

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os adestradores, clubs e atletas

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE 5 KM. RUTA E DAS CATEGORÍAS XUVENIL, JUNIOR, PROMESA E VETERÁNS

(2 de Xullo, Curtis)

Art.1) O vindeiro sábado día 2 de xullo celebrarase en Curtis, nun circuíto urbano e homologado pola RFEA de 2,5 km o **Campionato de Galicia Absoluto en ruta de 5 km**, e das categorías **xuvenil, junior, promesa e veteranos**. O evento está organizado pola Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Santiago.

Art.2) Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías, que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2015/16) por algún Club pertencente á Galicia.
 2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
 3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.
- Segundo acordo de Asamblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 28 de Xuño do 2016.**

Art.4) Os atletas, deberán confirmala súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba. Una vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Os tres primeiros atletas clasificados absolutos e das categorías xuvenil, junior, promesa e de tódalas categorías de veteranos recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.7) Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas até 15 minutos antes da saída da súa proba. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas.

Art.8) A saída terá lugar ás 19:30 horas na Rúa Mestre Eduardo Fariña (diante do polideportivo do concello de Curtis).



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, pudiendo ser esta denegada.

Art.10) Todo o non disposto neste regulamento resolverase, por esta orden, pola normativa da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 7 de xuño de 2016